

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE FACENDA

*RESOLUCIÓN do 20 de novembro de 2018, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se anuncia a exposición das listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas de conformidade cos criterios de repartición do fondo de acción social do exercicio económico 2017 relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade para o persoal da Administración da Xunta de Galicia.*

De conformidade co establecido na norma 7.3 dos criterios de repartición do fondo de acción social para o exercicio económico do ano 2017, relativos á axuda para a atención de persoas con discapacidade, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia do 5 de abril de 2018 e publicados por Resolución da Dirección Xeral da Función Pública do 6 de abril de 2018 (DOG número 72, do 13 de abril) o anuncio de exposición das listaxes definitivas de admitidos e excluídos publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.

Dado que nas listaxes preceptivas figuran datos de carácter identificativo, de características persoais, económicos ou de saúde protexidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, cuxa publicación pode lesionar o dereito constitucional á intimidade dos/as solicitantes ou dos/das causantes das axudas, cómpre realizar a publicación coas limitacións e reservas establecidas no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Dando cumprimento ao prescrito, esta dirección xeral, transcorrido o prazo de alegacións previsto no punto segundo da Resolución do 24 de setembro de 2018 (*Diario Oficial de Galicia* nº 187, do 1 de outubro) e unha vez concluídos os traballos de revisión das reclamacións presentadas,

#### RESOLVE:

Primeiro. Publicar no *Diario Oficial de Galicia*, como anexo a esta resolución, a distribución final da concesión das axudas do fondo de acción social do exercicio económico do ano 2017.

Segundo. Facer públicas as listaxes definitivas de axudas aprobadas e denegadas dos criterios de repartición do fondo de acción social do exercicio económico 2017 relativos



á axuda para a atención de persoas con discapacidade na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública <http://funcionpublica.xunta.es/?q=FAS>.

Para o coñecemento íntegro do acto as persoas solicitantes deberán introducir nos espazos habilitados para o efecto o NIF e máis o código de impresión da súa solicitude.

Terceiro. Contra a resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2018

José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública

#### ANEXO

Tipo de axuda	Entradas	Aprobadas	Denegadas	Importe euros
1. Atención de persoas con discapacidade	700	641	59	794.867,68

